

RESUMO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2015

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES (Acta da sesión do 27 de novembro de 2014, Acta da sesión do 04 de decembro de 2014, Acta da sesión do 09 de xaneiro de 2015)

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

2.1. Escrito de J.T. L. informando da renuncia a continuar co tramitación de expediente para a construción dunha balsa para almacenamento de esterco en Laro.

2.2. Escrito de A. S.C. informando da renuncia a continuar tramitando licencia de actividade e apertura para local adicado a parafarmacia na rúa Alfonso Trabazo.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade ordenar o arquivo destes dous expedientes.

2.3. Escrito de M^a L. P. T., que actúa en representación de D^a M^a L. R. I., no que expón que esta última lle foi descontado un recibo de "Copago SAF", por importe de 82,94 € correspondente ó mes de novembro de 2014, e que dende o mes de outubro de 2014 está dada de baixa no servizo da axuda no fogar.

Visto o acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 12 de novembro de 2014, sobre este expediente, acórdase por unanimidade comunicar á Tesourería Municipal que proceda a devolución deste recibo polo importe de 82,94 €.

2.4.- Escrito de Gestoría Milladoiro S.L. no que expón que con data 29 de decembro de 2014 realizouse un ingreso na conta do Concello por importe de 10,57 € correspondente a alta IVTM de Adriana Espiño Fuentes para o vehículo con bastidor VF3CC8HR0ET177516. Que este ingreso foi realizado erróneamente xa que este fora pagado con anterioridade en data 26 de decembro de 2014. Une a esta solicitude xustificantes de transferencias bancarias realizadas o 26 e 29 de decembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e a vista da documentación aportada acorda comunicar á Tesourería Municipal que proceda a devolución do importe de 10,57 € a Gestoría Milladorio S.L.

2.5.- Licenza de Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos

Vista a solicitude presentada por Dona G.L.B., en data 9 de decembro de 2014 para obter licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos, visto que a citada solicitude se acompañou da documentación necesaria e considerando que quedan acreditados os requisitos recollidos na

ordenanza municipal ao respecto, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a licenza para a tenza do animal cun prazo de vixencia de 5 anos a Dona G.L. B, proceder á súa inscrición no rexistro municipal.

2.6. Licenza de Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos

Vista a solicitude presentada por Dona C.S. P., en data 9 de decembro de 2014 para obter licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos, visto que a citada solicitude se acompañou da documentación necesaria e considerando que quedan acreditados os requisitos recollidos na ordenanza municipal ao respecto, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a licenza para a tenza do animal, de raza Pitbull cun prazo de vixencia de 5 anos a Dona C.S. P., condicionada á presentación por parte da interesada, unha vez que posua animais perigosos, de copia compulsada do seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 125.000,00 euros para cada animal, copia compulsada do recibo de pago do devandito seguro, certificado veterinario oficial para identificación do animal e solicitude de alta no REGIAC.

2.7-Escrito de Espina y Delfín dando conta das solicitudes de abastecemento e saneamento dos meses de outubro, novembro e decembro de 2014.

2.8- Recurso de reposición presentado por Dº H.C. M. en representación de Telefónica Móviles España S.A.U. contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda en sesión 2 de outubro de 2014 de denegación da solicitude de licenza da actividade para legación de estación de base compartida en infraestrutura existente de Retegal, a situar en A Cornea, Siador, presentada por Telefónica Móviles.

Visto o citado recurso e o infome do Secretario ao respecto, acórdase estimar o recurso de reposición e concederal a licenza de obra e a licenza provisional de actividade, non podendo comezar a exercerse a actividade ata que non se conceda a licenza definitiva.

2.9.-Recurso de reposición presentado por Dª B.L. D.

Dase conta do recurso de reposición presentado por Dª B.L.D. en representación dela e de outros veciños, conta o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión 11 de setembro de 2014 de denegación da solicitude de licenza de obra maior para construción de 5 panteóns no cemiterio da parroquia de San Paio de Refoxos.

Visto o contido do mencionado discurso, visto o informe do Secretario ao respecto, acórdase estimar o citado recurso e conceder a licenza da obra solicitada con distintas consideracións.

2.10.-Recurso de reposición presentado por N.F.L.

Dase conta dos escritos presentados por Dº. N.F.L. contra acordo da Xunta de Goberno local do 2 de outubro de 2014 de denegación de solicitude de licenza de obra maior para construción dun galpón en Meixomence nº 14-Ponte.

Visto o contido do recurso e o informe do secretario, a Xunta de Goberno Local acorda estimar o recurso de reposición e conceder a licenza de obra con distintas consideracións.

3º.- URBANISMO.

3.1- Licenza de actividade: Minas de Bandeira S.A.

Visto o expediente instruído a instancias de D. J.A.V.C, en representación de MIBASA solicitando licenza para planta asfáltica situada en Monte Carreira, parroquia de Abades

Vistos os antecedentes do expediente, e a acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas de data 14 de xaneiro de 2015

Acórdase conceder licenza de actividade definitiva a MIBASA.

3.2- Licenza de actividade. Parroquia de San Tirso de Manduas

Visto o expediente instruído a instancias de Dº J. E.M., en presentación da parroquia de Manduas solicitando licenza para ampliación do cemiterio parroquial,

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión 3 de xuño de 2010, vista a acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas de data 26 de decembro de 2014, acórdase a concesión de licenza de actividade definitiva.

3.3. Actividade de Cursos de Formación con comunicación previa na rúa Carballeira do Chousiño nº 8 baixo solicitado por D.C.M., en representación de Gallega Laboral Deza S.L.

Vista a solicitude de D.C.M., en representación de Gallega Laboral Deza S.L. , para actividade con comunicación previa de Cursos de Formación na rúa Carballeira do Chousiño nº 8 baixo

Vistos os informes técnicos, a Xunta Local de Goberno queda enterada desta comunicación previa notificándollo ao interesado.

3.4. Licenza de primeira ocupación da rehabilitación de vivenda unifamiliar en Galán, 7-Laro.

Visto o escrito presentado por J.L.F. V. polo que se remite certificado final de obra correspondente á rehabilitación de vivenda unifamiliar no nº 7 do lugar de Galán, parroquia de Laro.

Vistos os acordos anteriores e a acta de comprobación para outorgamento da licenza de primeira ocupación, de data 20 de xaneiro de 2015 acórdase conceder a citada licenza.

3.5 . Licencia de Actividade. Acondicionamento de vivenda existente para destinala a casa de turismo rural no lugar de O Foxo nº 22 (Silleda), solicitado por F.T.C, en representación de Construcciones Taboada y Castro S.L.

Visto o expediente instruído a instancias de F.T.C., en representación de Construcciones Taboada y Castro S.L.

Vistos os acordos da Xunta de Goberno Local en sesión 16 de xullo de 2014

Vistos os informes técnicos e antecedentes, así como a acta de comprobación, acórdase conceder licenza de actividade definitiva a Construcciones Castro S.L. para acondicionamento de vivenda existente en O Foxo nº 22 para destinala a casa de turismo rural.

3.6. Cambio de titularidade da actividade do establecemento sito na rúa Venezuela nº43 a favor de Carnicería Cuiña C.B.

Comunicase o escrito presentado por J.M.R.A. (transmitente) e M.R.G. e V.C.R., ambos en representación da empresa Carnicería Cuiña C.B. (adquirinte), solicitando cambio de titularidade do establecemento adicado a carnicería na rúa Venezuela nº 43 de Silleda

3.7 Rehabilitación e ampliación de edificio de planta soto, baixa e dúas plantas para tres vivendas na rúa progreso nº 8, solicitado por D.B.R.

Vista a solicitude de licenza presentada por Don D.B.R, en data 1 de febreiro de 2011

Visto o informe técnico de 16 de xaneiro de 2015 e o informe de Secretaría Acórdase conceder a licenza de obra solicitada

3.8. Limpeza de baixo do edificio, retirada de tabiques de cartón-xeso, colocación de porta cristaleira para acceso peonil e rematado e pintado de fachada na rúa Outeiro nº 7, solicitada por M. L.H.

Vista a solicitude de licenza presentada por Don M.L.H., en data 28 de outubro de 2014

Visto o informe técnico de 15 de outubro de 2014

Acordase conceder a licenza de obra solicitada

4º.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A Xunta de Goberno Local aproba as seguintes certificacións de obra:

4.1 Mellora de Vias de Titularidade Municipal: Ponte, Dornelas, Andamollo, Fontefría, Siador e Cira (incluídas no Plan de Mantemento de Servizos e Infraestructuras Municipais 2014-PUSIM/2014).

4.2.- Mellora da Seguridade Vial, cascos urbáns de Silleda e Bandeira (incluídas no Plan de Mantemento de Servizos e Infraestructuras Municipais 2014-PUSIM/2014).

5º.- REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA..

Informados do contido das bases do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015

Visto o proxecto denominado “Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira”, redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, en data xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- Primeiro.- Realizar o investimento denominado “Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira”.
- Segundo.- Aprobaro o proxecto denominado “Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira”
- Terceiro.- Solicitar para súa realización unha subvención por importe de 55.039,83 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestructuras municipais 2015.
- Cuarto.- A existencia de dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

6º.- REPARACIÓN DO CAMPO DA FESTA DE BREIXA.

Informados do contido das bases do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015

Visto o proxecto denominado “Reparación do Campo da Festa de Breixa”, redactado pola arquitecto María José García Fidalgo, en data xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- Primeiro.- Realizar o investimento denominado “Reparación do Campo da Festa de Breixa”.
- Segundo.- Aprobaro o proxecto denominado “Reparación do Campo da Festa de Breixa”

Terceiro.- Solicitar para súa realización unha subvención por importe de 25.581,37 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestructuras municipais 2015.

Cuarto.- A existencia de dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

7º.- MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RUA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA.

Informados do contido das bases do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015

Visto o proxecto denominado “Mellora e Acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da Praza Camilo José Cela” en Bandeira, redactado pola arquitecto Natalia Campos Ferro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

Primeiro.- Realizar o investimento denominado “Mellora e Acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da Praza Camilo José Cela”.

Segundo.- Aprobaro o proxecto denominado “Mellora e Acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da Praza Camilo José Cela”

Terceiro.- Solicitar para súa realización unha subvención por importe de 54.000,00 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestructuras municipais 2015.

Cuarto.- A existencia de dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

8º.- CONTRATO DE MANTEMENTO DAS FOTOCOPIADORAS MUNICIPAIS.

Visto que pola da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 17 de xaneiro de 2014, acórdase adxudicar o contrato de mantemento das fotocopiadoras do Concello a empresa Documentación e Imagen del Noroeste S.L.(DIN), cunha duración de doce meses.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda a prórroga do contrato anteriormente mencionado coa empresa Documentación e Imagen del Noroeste S.L.(DIN) mantendo as mesmas condicións e cunha duración de doce meses.

9º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

9.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por C.O.P.

Dase conta do informe social de data 26 de xaneiro de 2015, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por C.O.P. e acórdase a citada alta no SAF nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social.

9.2.- Expediente de solicitude de comunicación de baixa no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, de E.P.C

Dase conta da comunicación de baixa no SAF no programa de dependencia de E.C.P por falecemento.

10º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ANDAMOLLO-MEDELO; MARTIXE-PARADELA DE ABAIXO E DO CAMIÑO DE PENIDO”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de novembro de 2014
Na XGL de 27 de Novembro de 2014 no que se acordou aprobar o investimento de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ANDAMOLLO-MEDELO; MARTIXE-PARADELA DE ABAIXO E DO CAMIÑO DE PENIDO (CONCELLO DE SILLEDA)**”

Visto que a XGL acordou convidar para a adxudicación das obras ás empresas

CONSTRUCCIONES FERNANDEZ SARMIENTO S.A. 2 .-
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.
ENDENOR .

Examinada a proposta económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego, dase por cumprimentada correctamente a documentación das 3 empresas que se presentaron

Acórdase adxudicar o contrato de "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ANDAMOLLO-MEDELO; MARTIXE-PARADELA DE ABAIXO E DO CAMIÑO DE PENIDO (CONCELLO DE SILLEDA) a Construcciones Fernández Sarmiento S.A.

O prezo de adxudicación é de **162.383,21 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requiritur ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

11º.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

11.1.- Reclamación de DONA Mª D.B.P. por caída na Rúa Progreso en data 30 de Xuño de 2014.

Vista a reclamación por responsabilidade patrimonial presentada por Dª Mª D. B.P. baseada nunha caída na Rúa Progreso en data 30 de Xuño de 2014 ao tropezar cun desnivel na beirarrúa

Vista a lexislación aplicable

Visto que para o nacemento de responsabilidade patrimonial dunha administración pública, e neste caso do Concello, é preciso a concorrencia dos requisitos esixidos polos artigos 106 da Constitución e 139 da Lei 30/1992 que establece que para haber lugar a declarar esa responsabilidade é necesario que se acredite e probe polo que a pretende:

- a) a existencia do dano e prexuízo causado economicamente avaliabile e individualizado.
- b) que o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto sen intervención estraña que puidese interferir alterando ao nexo causal;
- c) ausencia de forza maior
- d) que a reclamación se presente dentro do ano a contar desde a data do feito que a motiva.

Vistos os documentos achegados pola solicitante

Visto que a reclamación foi remitida a MAPFRE, a Aseguradora que cubre os danos por responsabilidade civil do Concello, en data 25 de Setembro, sendo rexeitada pola empresa en data 11 Decembro 2014, non admitindo tal reclamación.

Considerando que a este respecto a xurisprudencia existente

Acórdase DESESTIMAR a reclamación de **Mª D.B.P.**

11.2.- Reclamación de DON D.F.P. por danos en vehículo en data 3 de Setembro de 2014.

Visto o escrito de Don D.F.P., que interpón unha reclamación por responsabilidade patrimonial baseada nun golpe na porta e aleta traseira esquerda que sufriu no seu vehículo, cando circulaba por unha pista municipal ocasionado por un , que tamén circulaba facendo ao mesmo tempo labores de desbroce no arcén.

Visto que foi remitido o caso a Aseguradora do Concello, AXA Seguros, que o rexeitou considerando que non era un accidente de tráfico.

Vista a lexislación aplicable

Considerando o caso concreto podemos concluír que se dan os requisitos de existencia do dano, e a presentación da reclamación faise o 29 de Decembro do 2014. Queda por determinar se o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese interferir alterando o nexo causal, e por tanto sexa imputable á Administración.

Dos datos que constan no expediente se desprende que se trataba de dous vehículos que circulaban por unha vía pública e, nunha manobra de adiantamento do reclamante, o Tractor golpeou ó turismo mentres facía traballos de desbroce no arcén, ou sexa, circulaba e, ao mesmo tempo, desbrozaba coa maquinaria que permite as dúas actividades.

VISTO que a reclamación foi remitida a AXA, a Aseguradora que cubre os danos por responsabilidade na circulación de vehículos do Concello, en data 12 de Novembro, sendo rexeitada pola empresa en data 9 Decembro 2014, non admitindo tal reclamación.

Acordase DESESTIMAR a reclamación de **D.F. P.** por responsabilidade patrimonial e ESTIMAR a reclamación de **D.F.P.** polos danos antes descritos causados nun accidente de circulación, considerando que o caso debe ser cuberto pola Aseguradora do Concello, AXA Seguros, que o rexeitou previamente alegando que non era un accidente de tráfico.

11.3.- Reclamación de DON H.I.F. por caída dunha árbore sobre un taxi. Danos valorados en 691,50 €.

Vista a reclamación por responsabilidade patrimonial baseada nunha caída das ramas dun árbol pala forza do vento sobre un vehículo taxi

estacionado na parada na Avda. do Parque o 14 Febreiro de 2014, presentada por H.I.F.

Vista a lexislación aplicable e considerando que neste caso concreto se dan os requisitos de existencia do dano e a reclamación se presenta en prazo.

Se estima neste suposto que, aínda que a caída da rama se produxo por mor dunha forte racha de vento, polo que sería unha situación de forza maior non imputable a Administración, o feito de que os servizos técnicos municipais indiquen que tales árbores teñen ramas en mal estado que deberían ser taladas, incluso tódolos árbores do Parque, fai que se asuma, de xeito excepcional, que neste caso existe responsabilidade municipal.

Así por unanimidade, acórdase ESTIMAR a reclamación de **H.I.F** por responsabilidade patrimonial baseada nunha caída das ramas dun árbol pala forza do vento sobre un vehículo taxi estacionado na parada na Avda. do Parque por importe de **691,50 €**.

- Dar traslado a MAPFRE, Aseguradora do Concello en continxencias por responsabilidade patrimonial, aos efectos legais procedentes.

11.4.- Reclamación de Don M. L. G. A. por danos no tellado por impactos de balóns procedentes do Campo de Fútbol Municipal.

Vista a reclamación presentada por Don M.L. G.A. en data 15 Xaneiro de 2013 baseada na existencia de numerosos danos na cuberta e canalóns da súa vivenda ocasionados polos impactos de balóns procedentes do Campo de Fútbol Municipal de Outeiriño, que lle ocasionaron unhas reparacións que valora en 664,32 €.

Visto que o expediente foi remitido a Aseguradora MAPFRE, que estima non lle corresponde por non superar a franquicia e, ademais, porque o expediente estaría prescrito.

Vista a lexislación aplicable

Considerando o caso concreto podemos determinar que se dan os requisitos de existencia do dano, e a presentación da reclamación faise o 15 de Xaneiro do 2013 e se recoñece expresamente que a factura dos danos é de 30/06/2012. Neste caso, a falta de protección suficiente do Campo de Fútbol, se considera o nexo causal que da lugar a que os balóns impacten contra o tellado do reclamante, polo que procede admitir a súa reclamación.

Por unanimidade, acórdase ESTIMAR a reclamación de **M.L.G.A.**, por responsabilidade patrimonial baseada na existencia de varios danos na cuberta e canalóns da súa vivenda ocasionados polos impactos de balóns procedentes do Campo de Fútbol Municipal, que lle ocasionaron unhas reparacións que valora en **664,32 €**.

- Dar traslado a Aseguradora da responsabilidade civil municipal MAPFRE, aos efectos legais oportunos.

12º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.

12.1.- Vista a solicitude de devolución de aval Dº A.F.P. en representación de **INDEZA EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 140 de data 13 de xaneiro de 2015, correspondente á obra "**ADECUACIÓN DE LA AMPLIACIÓN DEL AUDITORIO MUNICIPAL MANUEL DO PAZO, DE BANDEIRA, PARA CENTRO DE ENSEÑANZA MUSICAL**", por importe de 20.059,33 €, aval inscrito no Rexistro Especial de Avals baixo o número 36.988 de AFIANZAMIENTOS DE GALICIA, SOCIEDAD DE GARANTÍA RECÍPROCA (AFIGAL, S.G.R.), de data 06 de abril de 2009, presentado no concello en data 15 de abril de 2009, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda a devolución do mencionado aval.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 27 de xaneiro de 2015